



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

Servizo de Contratación

Adxudicación do contrato do servizo “Control analítico de auga de rede municipal de abastecemento”

Con motivo da xestión directa do servizo de abastecemento de auga potable, é preciso contratar certos servizos que pola súa natureza e complexidade o concello non ten medios posibles de realizalos.

Neste caso, sería preciso contratar a realización dos controis analíticos precisos para a correcta xestión do servizo e que son varios e diversos segundo o volume de auga tratada e subministrada e o número de usuarios.

Os traballos obxecto do contrato son os seguintes:

- análises de control nos depósitos de abastecemento de auga, con periodicidade trimestral
- análises de control nas redes de distribución de auga, con periodicidade trimestral
- control e analítica na billa do consumidor, con periodicidade mensual
- análise de potabilidade completa en depósitos e redes de abastecemento con periodicidade trimestral
- mantemento SINAC.

Estes traballos realizaranse segundo o disposto no RD 140/2003, do 7 de febreiro, e a súa normativa complementaria.

O vindeiro día 1 de xaneiro, o concello terá que comezar coa xestión directa, e urxe facer a contratación deste servizo que é necesario e indispensable, polo tanto Resolvo:

1 Iniciar a contratación do servizo Control analítico de auga das redes municipais de abastecemento solicitando presuposto do servizo ás seguintes empresas:

Indrops Laboratorio de análisis y calidad ambiental, SL

Espina Obras Hidráulicas, SA

Insa

2. Conceder un prazo de 5 días hábiles para que as empresas presenten as súas ofertas

Boqueixón, 10 de decembro de 2015

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato